

MARIGUANA, COCA E COLONIZACIÓN EN COLOMBIA

Alfredo Molano Bravo,
escritor i ensaísta colombiano*

A DESTRUCCIÓN PROGRESIVA E A SOBREEXPLOTACIÓN IRRACIONAL DOS RECURSOS NATURAIS EN COLOMBIA É UN FEITO QUE SEGUE UN CAMIÑO PARALELO AO AUMENTO DA INJUSTIZA, A REPRESIÓN E A VIOLENCIA.

En senso estrito, o papel de Colombia no fenómeno da droga é o de ser un país que trafica con droga, é dicir, que transforma a pasta básica, que provén de Bolivia e Perú, en cocaína, e a introduce e distribúe no mercado mundial, fundamentalmente nos Estados Unidos i Europa. A imaxe que xorde aquí non pode ser máis sinistra, pois non se poden aducir atenuantes: en Colombia existe unha mafia de traficantes de droga, que se involucra envelenando á xuventude do mundo. En Perú e Bolivia o cultivo da folla de coca remonta-se ate aos incas i é unha produción legal, levada a cabo por labregos indíxenas, o cal ao ollar da opinión pública diminúe a súa responsabilidade.

No presente artigo tento describer a íntima relación que existe entre os cultivos ilícitos en Colombia e a súa estrutura agrária, tomando como exemplo a zona de Sierra Nevada de Santa Marta.

A ESTRUCTURA AGRÁRIA

Para un observador imparcial o xeito de distribuír a terra en Colombia

non se distingue senon externa e adxectivamente dos principios que predominaron na colonia. A Coroa outorgou aos seus discípulos predilectos a

co desenvolvemento da industria, os labregos tiveron que soportar ás súas expensas a presión sobre as súas terras e a demanda de forza de traballo, o que

conduciu á maioría a transformarse en obreiros. Doutra banda, e pola mesma razón, boa parte dos vellos latifundios ampliaron-se e convertíron-se en prósperas empresas agropecuarias. O café deixou de ser un cultivo labrego para se converter nunha empresa do capital. A violencia, que azoutou inintermpidamente ao país dende os anos corenta, nutre-se de tal estado de cousas. As tímidas reformas agrarias dos trinta e sesenta non modificaron o perfil e a colonización de




mellor terra, expropiando-lla á poboación indíxena. Por meio das chamadas "mercedes" de terra e posteriormente ao legalizar a súa titulación por meio das "composicións", o Estado Español arbitraba recursos fiscais. En douscentos anos as cousas mudaron, é certo, mais os lineamentos centrais conservan-se invariábeis. As encomendas deron lugar á economía labrega e as grandes mercedes ao latifundio. Logo,

novas rexións reproduciu o esquema da propiedade, convertíndo-se nun instrumento de concentración de terras que xera, xa que logo, novos e máis agudos desequilibros.

A inmovilidade institucional - que non a estabilidade das institucións - funda-se precisamente no poder político da grande propiedade e no manexo eleitoral que ela exerce. Nengunha reforma do rexime da propiedade rús-

tica é posíbel porque a rama lexislativa é controlada maiormente polos propietarios, cunha preeminencia electoral indiscutida nas zonas rurais.

O resultado social máis específico de tal estado de cousas foi a mobilización de grandes continxentes de poboación, primeiro cara as cidades durante as décadas do sesenta e setenta, e logo cara as áreas de colonización durante a



década pasada. Folga dicir que cambios demográficos foron acompañados – e se cadra provocados – pola violencia.

A SIERRA NEVADA E A COLONIZACIÓN DOS ANOS 50.

Tradicionalmente Sierra Nevada, un macizo montañoso de 12.000 quilómetros cadrados e 5.600 metros de altura no seu cume, situado na costa Norte do país, foi o refuxio necesario dos indíxenas Koguis, Arhuacos e Malaios, descendentes dos Tayronas. Tamén o refuxio obrigado dos contrabandistas, que dende o século XVI fixeron camiños polas súas abas, para introducir dende as antillas mercaderías ilícitas. Así pasou moito tempo. O país en xeral ignoraba á Sierra. Só os grandes gandeiros sabían da Sierra.

Co asasinato de Gaitán, líder do liberalismo, en 1948 en Bogotá, moitos dos perseguidos chegaron á Sierra na busca de novos horizontes de traballo. Situaron-se nos climas meios onde podían cultivar café, o único cultivo que exhibía algunha rendabilidade. Pero para o facer tiveron que desalojar ó seu tempo aos indíxenas que habitaban estes territorios, i empuxarolos cara os páramos. Foi o que se chamou a “invasión cachaca” á Sierra, é dicir, a inmigración cara ela de labregos do interior. O macizo comezou diste xeito a ser colonizado.

O colono non tiña recursos de capi-

tal e por iso a súa forma de produción era moi rudimentar. O escaso excedente que lle arrincaba á terra caía en mans dos intermediarios. As súas posibilidades de aforro eran insuficientes. Non obstante, o seu traballo cristalizou na mellora da terra e no seu axeitamento productivo. Os grandes propietarios miraban-no con cobiza e aproveitaban calquera fracaso do labrego para lle arrebatara, por uns poucos pesos, eses predios, que fan naturalmente sumarense ás súas facendas. O colono foi así, coma o indíxena, desaloxado gradualmente. O proceso de descomposición da economía labrega, que se iniciara nos anos sesenta, achaba-se en pleno apoxeu cando chegou á Sierra a marihuana, erba descoñecida naquela rexión.

A INTRODUCCIÓN DA MARIHUANA

Nos Estados Unidos i Europa o movemento dos *hippies* facíase célebre segundo medraba a guerra do Vietnam. Algúns chegaron á Sierra tras do soño de fundar unha aldea autónoma e ficaron, porque descubriron que a marihuana se daba exuberante e rica en resina. A *Santamarta Golden* fíxose famosa en Greenwich Village e o prezo duplicou e triplicou en poucos meses. As ganancias eran extraordinarias. Permitían pagar, a bon prezo, calquera traballo ou servizo relacionado cun “embarque”: dende o cultivador até o garda de alfándegas; dende o policía até o xuíz ou o alcalde. Todos comezaron a cobrar a súa participación no negocio.

Os colonos da Sierra fixeron cálculos. Nada lles daba unha marxe de ganancias meirande que a erba. Nen o millo, nen o plátano, nen o gando, nen sequera o café tiña unha rendabilidade comparada á marihuana. Aceitaron con timidez primeiro, e logo con verdadeira euforía, o novo cultivo. Os “señores” de Santamarta fixeron-se presentes no escenario para lles vender a semente e asegurar-lles a compra e garantir-lles a impunidad. O colono, abandonado á súa propia sorte, vítima da violencia, sen fontes de traballo, asediado polos latifundistas i en mans do comerciante, non dubidou máis e meteu-se de cheo no negocio. Recibiu as sementes, fixo contratos de palabra, derrubou montañas, comezou a producir *marimba*. O resultado non se fixo agardar: ao cabo dun ano fixera todos os cartos que nunca sequera chegara a

soñar. É comprensíbel que nunha rexión – como era daquela a Costa Atlántica – dominada polo latifundio gandeiro, sen unha industria dinámica i en consecuencia con altas taxas de desemprego, a chegada da bonanza fora saudada por todos, sen excepción, coma unha bendición do ceo. Así se interpretou a así foi. Os labregos da Sierra abandonaron os seus cultivos de café e plátano, os desempregados o seu ocio, o señores da terra o seu gando, os comerciantes o contrabando, os curas a súa igrexa e as autoridades a súa oficina ou o seu cuartel, para adicar-se todos a un tempo a faceren o Agosto. Os norteamericanos pagaban xenerosamente a erba e os avións que a levaban a Florida regresaban a Santamarta e a Riohacha co mesmo peso, peso en dólares. Os costais que servían para baixar da Sierra a marimba eran reutilizados para subir os billetes distinguidos co lema “in God we trust”.

O colono toleou. Toda a súa vida fora, até ese instante, unha historia de misérias, de privacións e de humillación. Dun día para outro decata-se de que pola mesma cantidade de traballo i enerxía que gastaba en producir millo, recibía agora unha caixa completa chea de pesos ou de dólares, cando uns días antes recibía unhas moedas que non lle chegaban sequera para volver semmentar. Foi unha alucinación semellante á do *gringo* cando fumaba a erba. Toda esa fame acumulada fíxose consumo febril. Primeiro comeu o que nunca comera e logo empezou a adquirir, a calquera prezo, todo aquilo que algunha vez soñou ou lle fixo soñar a televisión ou o cinema: mercou cabalos, armas, rádios, prantas eléctricas, roupa fina e da outra, mulleres. Nada lle era inacesíbel, todo estaba ao alcance do seu peto. O mundo comezou a ser distinto, ningún dos valores que aprende cando neno tiña validez neste momento: nen a familia nen Deus, nen a lei nen o costume, nen os patróns e o que é máis grave, nen o traballo. Deitou o café para semmentar *marimba*, derrubou a selva e acabou coa auga, porque nada era imposíbel baixo aqueles auspicios e todo anunciaba-se eterno. Nunca pensou que un día a *marimba* podería fracasar e canda ela el e o mundo que estaba a vivir. Non aforrou un chico en previsión dunha crise porque a tolémia do consumo, represada de longo, velaba-lla.

NOVA COLONIZACIÓN E VIOLÊNCIA

A fama do tesouro estendeu-se por todo o país. Á Sierra chegaron entón milleiros de labregos de todas as rexións a probar sorte como cultivadores, como pequenos comerciantes de cachifallos ou como grandes negociantes de erba. A Sierra poboou-se de xente de toda laia e orixe namentras se despoboaba de árbores. 120.000 hectáreas de bosque foron abatidas a punta de machado e lume en poucos meses para producir marihuana. O *gringo* era insaciábel; a necesidade e o soño do colono, tamén.

As vítimas non foron só os bosques e as augas, senón – e de que xeito – os indíxenas. Os colonos buscaban terras novas para a erba i esas terras eran dos *Kogis* e dos *Arhuacos*. Había que llas quitar porque o negocio non daba espera, non coñecían unha lei distinta ao lucro. Moitos indíxenas foron asasinados, as súas casas destruídas, os seus cativos secuestrados, os seus rebaños de chibos dispersados para cultivar a marihuana. O índio debeu de crer que se trataba do fin do mundo. El non participaba da orxia, non a entendía. Os cartos anegaron a Sierra i el debeu de maldicer ao branco con toda a súa alma.

Atraídos pola riqueza fabulosa, chegaron á zona todo tipo de aventureiros: ladroeiros de menor cuantía e ladróns profesionais, criminais perseguidos ou non, esmoleiros, xogadores, prostitutas, malandríns de feira. Todo o baixo e sórdido mundo que deambulaba de lado a lado. Volveron-se cultivadores, da noite para o día, comerciantes i empresáries. Até ese momento todo o negocio, por ser ilícito, estaba montado sobre acordos de palabra. A autoridade legalmente constituída era incompetente para garantir os tratos. Entón os aventureiros recién-chegados racharon as regras do xogo e desataron unha guerra de todos contra todos. Os tratos non se cumprian, os comerciantes de erba eran asaltados nos camiños para roubar-lles o produto ou os cartos, os cultivadores eran asasinados co mesmo fin. Toda a cadea quedou ameazada e o negocio a piques de afundir. Por esta razón chegaron as armas. A xente tivo que organizar-se para se defender. Contratáronse profesionais do crime – ás veces os mesmos aventureiros – para garantir con armas o ritmo e desenvolvemento dos negocios. O

comerciante ia á Sierra acompañado dun grupo armado de selectos sicáries, o colono viu-se na obriga de mercar un rifle ou unha metraladora para impedir que o mataran e lle roubaran a erba ou os cartos. Unha grande proporción das ganancias foi invertida en medios de defensa, perante a mirada complacente ou impotente das autoridades armadas polo Estado, que dito sexa de paso especializaron-se, non só en recibir subornos senón en vender armas.

Mais as armas naturalmente non trouxeron a paz. Pola contra estimuláron a guerra. Os comerciantes, que comezaron a seren recoñecidos co nome de mafia, decatáron-se de que a violéncia non era só unha garantía do negocio senón que podía ser o negocio mesmo. Que no canto de mercar-lle ao colono a erba podía mata-lo e quitarlle, e o mesmo podía facer coa competencia, no canto de rivalizar, podía suprimi-la, liquidando-a facilmente. Foi a chamada guerra dos *combos* ou dos grupos armados.

Mataba-se por todo e por calquera cousa se iso representaba un incremento, así fora cativo, das ganancias xa de seu extraordináries. A guerra xa que logo medraba e con ela a parte das ganancias invertida en armas e aparatos bélicos ou conexos. Esta demanda, enorme e crecente polo demais, era satisfeita polos contrabandistas de armas, vinculados naturalmente ao mercado norteamericano. Os avións e os barcos que levaban a erba deixaron de regresar con dólares. Agora traguían armas a granel nas súas bodegas e así os cartos retornaban á súa orixe, quedando na Sierra os mortos e uns poucos dólares.

COMO COSER O FURADO DO PETO IANQUI

Corrían os primeiros anos da década dos oitenta. A quebradura das institucións era ameazadora, polo menos na Costa; a guerra de Vietnam rematara. Os Estados Unidos querían e necesitaban coser o furado do peto por onde saían os dólares i entraba a marihuana. O exército e a policía colombianas podían facer ese traballo suxo e fixérono a un elevado custe: a súa descomposición moral. En poucos meses a Sierra foi tomada polas autoridades, as estradas bloqueadas e os embarcaderos ocupados. A erba deixou de saír para os Estados Unidos, namentras en California e Oregon comezaba a se experimentar unha nova variedade híbrida de efectos superiores á *Santamarta Golden*. As restricións legais foron reducidas ao mínimo en Estados Unidos e os agricultores supliron a demanda que o goberno colombiano suprimira por orde de Washington. A crise na Costa i en Sierra Nevada non se fixo agardar e foi tan rápida e profunda como fora a bonanza.

Milleiros de colonos viron-se abocados de novo á miséria. Centos de pequenos e de grandes comerciantes quebraron. Empezou-se a matar para defender-se da miséria que, irreveríbel, viña-se enriba. O resto foi a fumigación sistemática con *Paration* e *Glisofato*, produtos químicos prohibidos en Estados Unidos, e a ampliación das facendas a forza de ocupar as terras que os colonos abandonaban.

Na serra ficaron os mafiosos que carecían de axilidade financeira, os capitais lavados de pecado orixinal; os colonos que persistían en aproveitar as



Foto: Xan G. Miras

migallas e, por suposto, os indíxenas, fieis á súa raza. Tamén algún que outro traficante que optou por ensaiar alí mesmo coa coca.

APARECEN AS GUERRILLAS E A COCA

Neste interacto apareceron de sócoto as guerrillas. Os señores da terra, antigos e novos, clamaron ao ceo, chamando á súa defensa ás forzas da orde. Os colonos, desconfiados mais esperanzados, miraron con curiosidade. Os indíxenas, que sabían na propia carne que toda arma que chega á Sierra remata por disparar contra eles, ocultaron-se aínda máis na maraña das cabeceiras. Aínda que a grande masa de capital mafioso lanzaba raíces en Guaviare, non faltou quen na Sierra tratara de reactivar a bonanza perdida. Ensaíou-se, pois, mais fracasou-se. A coca, pésie á tradición do *mambeo* dos indíxenas, non tivo grande éxito, polo menos con carácter colectivo, e non o tivo porque a guerra entre as guerrillas e os poucos pero fortes mafiosos que ficaron para sementar coca estalou antes de que esta expuxera os seus beneficios.

As guerrillas tiñan en mentes un esquema similar ao do Guaviare, onde os campesiños compartiron as súas ganancias cos insurrectos. Mais para iso sería precisa unha relación de colaboración que non existía na Sierra. Os narcos pretendían pola súa banda monopolizar a compra da folla ou da merca e impoñer a lei que precedera ao cultivo da marihuana. Nengunha das dúas alternativas era posíbel,

porque os colonos da Sierra non eran os do Guaviare nen estaban dispostos a volver servir de carne de matadoiro. Pero as guerrillas e os paramilitares (os "combos") non o entenderon así, acusando-se reciprocamente de querer controlar i explotar aos labregos. No fondo nada disto contaba, porque eles

sabían-se inimigos irreconciliábeis. Gañar aos colonos e monopolizar o negocio da coca era só un méio para un fin deliberado: eliminar ao contrario. Os señores da terra, os do gando, os da base da Sierra, decidiron apoiar aos paramilitares. O movemento de invasión de facendas motivado polo desemprego que deixou a crise da marihuana ameazaba con facerlles pasar un mal momento, precisamente na hora en que as terras se valorizaban e os títulos e inversión se legalizaban. O roubo, o secuestro, o *boleteo* alimentado pola mesma circunstancia e pola presenza das guerrillas conduciu aos gandeiros a crear un verdadeiro cinturón armado paramilitar entre Dibulla, Guachaca, San Pedro de la Sierra, Palmor e Fundación, zona no interior da cal a guerrilla se movía.

Esta reacionou ao cerco afinando a pontaría e axitando bandeiras sociais e políticas de inobxectábel atrativo para os colonos. A destrución era dramática, a pobreza moita, a crise da economía labrega non cedia nen migalla. Non resultaba certamente difícil organizar tanta necesidade.

Os grupos paramilitares atacaron con éxito moitas veces á guerrilla i en máis dunha ocasión sacaron-na de territorios que ela consideraba propios. Numerosos militantes ou simples simpatizantes da Unión Patriótica foron asasinados e nun intre todo colono que tivera algunha relación coas guerrillas era liquidado. A técnica do asinato colectivo ou selectivo chegou a refinamentos de brutalidade difícilmente imaxinábeis. Xa



Principais acordos de liberalización do comercio en América Latina

LIBROS:

Eduardo GUDYNAS.

Vendiendo la naturaleza.

(C.L.A.E.S.) Casilla Correo 13000, 11700 Montevideo

Este libro constituye o primeiro dunha serie de publicacións do Centro de Postgrado do Instituto de ecoloxía da Universidade Mayor de san Andrés (La Páz, Bolivia). Desde principios de 1994, este centro está ofrecendo unha maestría en ecoloxía e conservación na que se abordan temas de orden social, económico e político, relacionados coa xestión ambiental.

O profesor urugaio E. Gudynas analiza no presente traballo os efectos actuais e potenciais da globalización dos mercados e os seus poderosos instrumentos, como o GATT e o MERCOSUR. Este mercado, tal como amosa o autor, resulta na súa forma actual de funcionamento "incompatible co desenvolvemento ecolóxicamente sustentábel", orientándose case exclusivamente cara metas de crecemento económico.

Manuel A. Fernández. I.B. Xelmirez I. Taller de Educación Ambiental. Santiago.

non era a coca, nen as razóns políticas, era unha saña diabólica, encuberta, e, hoxe sabe-se, tolerada.

A PAZ

Os labregos reaccionaron perante o terror con suma prudencia e grande valor: mobilizaron-se cara Santa Marta. Milleiros de colonos, pequenos comerciantes, arrieiros, transportadores e non poucos indíxenas, acompañados polos seus fillos e mulleres. Sairon de todas as rexións, dende Guachaca até Fundación, cun prego de peticións – un memorial de agrávios – nas suas mans e unha denuncia: asasinan-nos.

Para fortuna de todos o Goberno, por meio do Plan Nacional de Rehabilitación, colleu o asunto pola man: escoitou, analizou, negociou. Os labregos regresaron á Sierra. Nada podía ser resolto de inmediato e por iso voltaron ós seus herdos con simples promesas. Mais iso non era o importante. O que era trascendental para eles e para as suas vidas era ter denunciado a actividade dos grupos paramilitares e a razón de existencia dos guerrilleiros.

A loita contra o narcotráfico e fundamentalmente contra a sua expresión política, os paramilitares, conduciu ao Goberno a tomar medidas a cada vez máis audaces e represivas. A cuestión

era sinxela: ou o país ou os traficantes. La Rochela primeiro e o atentado contra Maza Márquez despois decidiron ao Goberno a levar a iniciativa. Na Sierra o alívio foi inmediato. O asasinato de Galán puxo punto final ás dúbidas i empezou o desmonte da monstrosidade que a tolerancia e o cálculo político deliberado nutrira. Ser narco i estar vencellado indirectamente aos grupos paramilitares deixou de ser unha carta de protección e transformouse, por vez primeira, nun delito. O diálogo coa Coordinadora Campesina profundizou-se segundo o clima de terror se diluía.

Mais a posición do Goberno tivo tamén consecuencias económicas: as inversións en ganderías e a concentración avasaladora de terra desactiváronse e con isto a presión sobre a franxa de colonización, sobre os indíxenas e sobre a Sierra en xeral diminuíu. O prezo da terra caíu en picado e con isto os indíxenas e os colonos comezaron a mirar cara abaixo. O que antes era un movemento de desplazamento de labregos cara arriba cambiou de dirección, e un grande alívio percorre hoxe a Sierra. Os grupos paramilitares perderon a sua base de apoio social. A coca está a piques de ser derrotada e o prezo

da terra deixou de ser o aliciente de acumulación.

A Sierra Nevada é, hoxe por hoxe, outra. Pésie ao derrube dos bosques caracolis, do asasinato de indíxenas e colonos, pésie á morte, a Sierra vive. Todo parece ser un pesadelo que outros sufriron. As feridas empezan a cicatrizar e o traballo a saír de novo adiante. O café e as froitas, o gando e o graos, e sobre todo a esperanza, volveron gañar o territorio que os labregos perderan. Desactivado o militarismo, o futuro abre-se de par en par e o que onte subiu fuxindo, hoxe pode baixar producindo. Se a marihuana e a coca foron sementadas polos colonos como un acto lexítimo de defensa económica ante o acoso das necesidades e das promesas non cumpridas, hoxe, sobre esa experiencia dolorosa e frustrada, principia un grande experimento: a paz. A condición é a desactivación radical dos grupos paramilitares e o afianzamento dun espazo pluralista onde todos os sectores sociais poden defender os seus intereses e resolver civilizada e democraticamente as suas contradicións.

*Tradución ao galego, por XOSE LOIS GARCIA CARBALLIDO.



CASTELAR DE GESTIÓN, S.L.

Avda. de Lugo, 6 - baixo
15702 Santiago de Compostela
Teléfono 59 50 77 / 61

XESTORA DE COOPERATIVAS DE VIVENDA



PROMOCIÓN EN:

Santiago
Padrón
Noia
Brión
Vigo
Vilalba